



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 10
Agroambiente e clima

Submedida 10.2.1
Apoio para a conservación e o uso e
desenvolvemento sustentables dos
recursos xenéticos na agricultura

Conservación de recursos xenéticos na
agricultura



Índice

1.	Medida 10. Agroambiente e clima	2
1.1.	Submedida 10.2.1 Conservación de recursos xenéticos na agricultura	2
1.1.1.	Que tipo de actuacións se financian?	3
1.1.2.	Quen pode solicitar esta axuda?	5
1.1.3.	Como se outorga a axuda?	6
1.1.4.	Que tipo de gastos se financian?	6
1.1.5.	Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	8
1.1.6.	Que criterios serán utilizados para a selección?	8
1.1.7.	A canto ascende esta axuda?	9
1.1.8.	Quen xestiona esta axuda?	9
1.1.9.	Marco normativo	9
1.1.10.	Documentos e enlaces relacionados	10

1. Medida 10. Agroambiente e clima

O obxectivo desta medida é fomentar prácticas agrarias máis sustentables coa contorna, que aseguren a conservación da biodiversidade e fomenten a adaptación ao cambio climático á vez que se mantén a actividade da explotación. A aplicación destas prácticas pode levar a diminución da produción ou certa perda de rendibilidade; por iso é polo que con esta axuda preténdase compensar ao agricultor pola realización destas prácticas agrarias máis sustentables.

En virtude desta medida compénsase a aqueles agricultores que se comprometan voluntariamente a realizar operacións consistentes nun ou varios compromisos agroambientais e climáticos. A compensación será relativa aos custos adicionais e perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. Unicamente cubrirán compromisos que impoñan maiores esixencias que os requisitos obrigatorios correspondentes establecidos de conformidade co título VI, capítulo I, do Regulamento (UE) 1306/2013, os criterios e actividades mínimas pertinentes establecidos de conformidade co artigo 4, apartado 1, letra c), incisos (ii e iii), do Regulamento (UE) 1307/2013, e os requisitos mínimos relativos á utilización de abonos e produtos fitosanitarios, así como outros requisitos obrigatorios pertinentes establecidos no dereito nacional. Non se concederá con respecto a compromisos cubertos pola medida relativa á agricultura ecolóxica.

En base a dúas submedidas diferentes, o PDR establece as seguintes liñas de actuación:

- ✓ Submedida 10.1 Pago para compromisos agroambientais e climáticos
 - 10.1.1 Apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais
 - 10.1.2 Razas autóctonas en perigo de extinción
 - 10.1.3 Manexo sustentable das explotacións gandeiras
- ✓ Submedida 10.2 Apoio para a conservación e o uso e desenvolvemento sustentables dos recursos xenéticos na agricultura
 - 10.2.1 Conservación de recursos xenéticos na agricultura

1.1. Submedida 10.2.1 Conservación de recursos xenéticos na agricultura

A submedida consistirá en fomentar a inclusión dos recursos xenéticos agrícolas e gandeiros autóctonos en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente, mellorando a súa conservación, caracterización e avaliación.

1.1.1 Que tipo de actuacións se financian?

En relación cos cultivos agrícolas expónse como obxectivo a recuperación e conservación principalmente de variedades hortícolas e froitícolas, utilizadas outrora na maioría das explotacións familiares e comercializadas xeralmente a través de mercados locais de proximidade. As actuacións que se ten previsto levar a cabo consistirán en:

- ✓ Localización e caracterización de variedades autóctonas.
- ✓ Multiplicación destas variedades en centros de investigación propios ou concertados para a obtención de sementes.
- ✓ Conservación *in situ* fomentado o cultivo na propia explotación mediante técnicas tradicionais
- ✓ Conservación *ex situ* que persegue o desenvolvemento de coleccións de recursos

Así mesmo fomentárase as relacións con outras organizacións que persigan os mesmos fins noutras rexións para o intercambio de material xenético e promocionárense a través de xornadas divulgativas e informativas con asociacións de agricultores e interesados na utilización destes recursos.

En canto á conservación de recursos gandeiros perségúense os seguintes obxectivos:

- ✓ A explotación sustentable dos recursos autóctonos e o mantemento da súa rendibilidade naqueles espazos naturais nos que a adaptación ao medio resulta imprescindible.
- ✓ A recuperación da variabilidade xenética, non só das razas autóctonas senón tamén daquelas razas fortemente instauradas na comunidade autónoma.
- ✓ Poñer en valor todas as posibles orientacións produtivas destas razas.
- ✓ Diferenciar a produción das razas autóctonas do resto de produtos existentes no mercado na procura dun mercado específico para este tipo de producións e que leve parello un incremento do valor destes animais. Obtención e promoción de produtos diferenciados.
- ✓ Fomentar aqueles sistemas de produción gandeira que contribúan ao mantemento da biodiversidade e estean en sintonía coa protección ambiental.
- ✓ Diversificar as actividades económicas no medio rural e favorecer a fixación de rendas complementarias a través da produción con estas razas.
- ✓ Aproveitar os recursos naturais. Na maior parte dos casos trátanse de razas que contan cunha gran rusticidade e capacidade de adaptación e doutra banda a comunidade autónoma conta cunha ampla superficie con aproveitamento silvopastoril.
- ✓ Difundir a mellora xenética e implantar mecanismos que permitan aos gandeiros acceder aos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas.

- ✓ Avaliar, para obter o máximo aproveitamento das mesmas, a capacidade produtiva das razas animais en función da súa contribución á sustentabilidade económica e ambiental.

En xeral, poderanse realizar actividades específicas que fomenten a conservación *in situ* e *ex situ*, actividades concertadas que impulsen o intercambio de información entre as organizacións competentes dos Estado Membros con miras á conservación, caracterización, recompilación e utilización dos recursos xenéticos na agricultura comunitaria; e actividades complementarias divulgativas e de asesoramento nas que participen organizacións non gobernamentais e outras partes interesadas, cursos de formación e elaboración de informes técnicos.

A estratexia aplicada baséase no fomento do uso comercial dos recursos xenéticos, como elemento clave para a súa conservación.

Existe risco de erosión xenética das variedades autóctonas dos seguintes grupos de cultivos e especies vexetais:

- ✓ Cereais: millos, trigos, centeos, aveas, cebadas, espelta, escanda
- ✓ Pratenses forraxeiras: raigrases, festucas, dactilos, agrostis, poas, serradelas, trevos, medicagos, lotus
- ✓ Hortícolas: tomates, cebolas, pementos, xudías, fabas, chícharos, diversas especies de Brassica (repolos, verzas, coliflores, nabos,...)
- ✓ Froiteiros: maceiras, perais, cerdeiras, ameixeiras, melocotoeiros, albaricoqueiros, castiñeiros, nogueiras, oliveiras, moreiras, nespereiras, figueiras, marmeleiros
- ✓ Variedades de vides autóctonas minoritarias destacadas en Galicia: Torrontés, Loureira, Dona Branca, Merenzao, Souson, Brancellao, Mouratón

As razas autóctonas en perigo de extinción son:

- ✓ Bovino: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa e Rubia Galega
- ✓ Ovino: Ovella Galega
- ✓ Caprino: Cabra Galega
- ✓ Equino: Cabalo de Pura Raza Galega
- ✓ Porcino: Porco Celta
- ✓ Aves: Galiña de Mos

As asociacións gandeiras recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos das razas autóctonas de Galicia son as seguintes:

- ✓ ASOVEGA. Asociación de criadores da raza Ovella Galega
- ✓ AVIMOS. Asociación de avicultores da raza Galiña de Mos

- ✓ CACHEGA. Asociación de criadores da raza Bovina Cachena
- ✓ CALDEGA. Asociación de criadores da raza Bovina Caldelá
- ✓ CAPRIGA. Asociación de criadores da raza Cabra Galega
- ✓ FRIEIREGA. Asociación de criadores da raza Bovina Frieiresa
- ✓ LIMIAGA. Asociación de criadores da raza Bovina Limiá
- ✓ VIANEGA. Asociación de criadores da raza Bovina Vianesa

Estas 8 asociacións forman parte da asociación de segundo grado Federación de Razas autóctonas de Galicia (BOAGA):

- ✓ ASOPORCEL. Asociación de criadores de gando porcino celta
- ✓ ACRUGA. Asociación nacional de criadores de ganado vacún selecto de raza Rubia Galega
- ✓ PURAGA. Asociación de criadores do Cabalo de Pura Raza Galega
- ✓ ACPRG. Asociación Pura Raza Cabalo Galego

Esta submedida é incompatible coa submedida 10.1 e por tanto non se poderá pagar pola perda de renda ocasionada pola cría de razas autóctonas en perigo de extinción.

1.1.2 Quen pode solicitar esta axuda?

Serán beneficiarias a Administración autonómica na súa calidade de promotora directa dos programas de conservación de recursos xenéticos en risco de erosión xenética e mesmo extinción, así como os seus entes instrumentais, que poderán, no seu caso, establecer fórmulas de colaboración con entidades orientadas á conservación de recursos xenéticos agrícolas e gandeiros.

Poderán ser beneficiarios tamén, os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación agrícola ou gandeira inscrita no correspondente rexistro, que reúnan a condición de agricultor activo segundo o establecido no capítulo I do título II do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro, que cumpran as condicións de elixibilidade e comprométanse voluntariamente a realizar as operacións obxecto da submedida nas condicións prescritas.

Tamén poderán ser beneficiarios entidades con personalidade xurídica e agrupacións u organizacións de produtores que teñan entre os seus obxectivos e ámbitos de actuación a preservación dos recursos fitoxenéticos gandeiros.



1.1.3 Como se outorga a axuda?

A execución das operacións articularase como investimento directo para aquelas iniciativas auspiciadas directamente polos órganos competentes da Administración autonómica; ou mediante a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva; ou a través de convenios de colaboración naqueles casos en que existan razóns de interese público, social ou económico e a concorrencia competitiva resulte improcedente, por ser o beneficiario imprescindible para a execución da operación

1.1.4 Que tipo de gastos se financian?

Considéranse subvencionables, en función das actividades, as seguintes actuacións:

- ✓ Actividades focalizadas
 - Actividades que fomenten a conservación *in situ* e *ex situ*, a caracterización, a recompilación e a utilización de recursos xenéticos en agricultura e gandería, entre elas a creación na internet de inventarios de recursos xenéticos actualmente conservados *in situ*, incluídas a conservación na explotación agraria, así como as recompilacións *ex situ* e as bases de datos;
 - Actuacións que fomenten os produtos asociados a recursos xenéticos agrícolas e gandeiros.
 - Creación e mantemento de bancos de xermoplasma, incluídas cámaras e instalacións de desecación da semente, campos de conservación de recursos xenéticos froiteiros e vides;
 - Accións e custos asociados á recollida, transporte, procesado e almacenamento de material xenético de reprodución;
 - Mantemento e mellora das instalacións e centros de recollida para o procesado, almacenamento e produción de material xenético de reprodución;
 - Estudos análises e mantemento de rabaños de reprodución e outros traballos relacionados coa recollida e procesado de datos para a mellora do material xenético de reprodución en Galicia.
 - Estudos, análises, instalación de parcelas de ensaio, grupos de reprodución e outros traballos relacionados coa recollida e procesado de datos para a mellora do material agrícola e gandeiro de reprodución en Galicia;
 - Conservación e identificación de material agrícola e gandeiro de alto valor xenético;
 - Actuacións e servizos relacionados coas novas tecnoloxías da información e a comunicación para o inventario difusión, almacenamento e xestión de datos relacionados coa conservación de recursos xenéticos agrícola e gandeiros e de





ensaio e materiais de base existentes en Galicia así como os rabaños fundacionais de recursos xenéticos de Galicia.

- Serán auxiliares os gastos de persoal de apoio, e os gastos indirectos derivados da conservación e gastos de material inventariable necesario para a mellora ou creación das instalacións de conservación.
- ✓ Actividades concertadas
 - Actividades que impulsen o intercambio de información entre as organizacións competentes dos EEMM con miras á conservación, caracterización, recompilación e utilización dos recursos xenéticos na agricultura.
 - Actividades e proxectos de investigación que fomenten a complementariedade entre métodos *in situ* e *ex situ* de conservación.
- ✓ Actividades de acompañamento
 - Actividades que impulsen o intercambio de información entre as organizacións competentes dos EEMM con miras á conservación, caracterización, recompilación e utilización dos recursos xenéticos na agricultura.
 - Actividades informativas, divulgativas e de asesoramento nas que participen organizacións non gobernamentais e outras partes interesadas, cursos de formación e elaboración de informes técnicos.
 - Actuacións que fomenten os produtos asociados a recursos xenéticos agrícolas e gandeiros;
 - Actuacións destinadas a facilitar a coordinación no ámbito dos compromisos internacionais sobre recursos xenéticos na agricultura, aquelas que tenden a valorizar os réximes agroambientais para as especies ou razas en perigo de extinción e outras que sirvan de impulso para a difusión e intercambio de recursos xenéticos co obxecto de aumentar a utilización de especies infraempregadas;
 - Actividades que creen un espazo, a través do emprego das novas tecnoloxías de comunicación, que facilite o acceso, transferencia, intercambio e divulgación deste coñecemento e contribúa á creación, actualización e ao mantemento do Inventario.
 - Constituír un Panel de Expertos de recursos fitoxenéticos.
 - Actividades que promovan a elaboración de alimentos transformados a base de recursos xenéticos e o establecemento de elementos que cataloguen a eses transformados como derivados dun recurso xenético.
 - Actividades que axuden a promover a celebración de cursos especializados, de sistemática / taxonomía, xenética de poboacións, ecoloxía, etnobotánica, mellora xenética vexetal, produción e utilización de sementes e ordenación do



xermoplasma;

- Xornadas para elevar o nivel de capacitación e formación dos agricultores e gandeiros;
- Actividades e accións que axuden a promover o asociacionismo entre os agricultores e establecer un Programa de Conservación a través de asociacións de cultivadores de variedades locais ou de gandeiros de razas autóctonas.

1.1.5 Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Serán elixibles as iniciativas de recuperación, preservación ou consolidación dos recursos xenéticos autóctonos de Galicia, agrícolas ou gandeiros, necesarias e orientadas a promover a súa comercialización, como elemento clave de conservación. Así mesmo, tamén se terán en conta outras iniciativas que abarquen a recursos xenéticos gandeiros daqueloutras razas que contribúan directa ou indirectamente á sustentabilidade económica e ambiental do sistema agrogandeiro da comunidade autónoma.

1.1.6 Que criterios serán utilizados para a selección?

De acordo co artigo 49.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 só se definirán criterios de selección se os fondos dispoñibles son insuficientes para cubrir a todos os posibles beneficiarios. Nese caso, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

- ✓ Criterios aplicables para a conservación de recursos xenéticos na gandería:
 - Entidades orientadas á conservación de recursos xenéticos gandeiros con experiencia previa en operacións previstas na medida. Un mínimo de 3 anos acreditables.
 - Razas que sufrisen diminución do censo de reprodutores igual ou superior ao 20% nos últimos 5 anos.
 - Razas con menor variabilidade xenética.
 - Razas con redución do tamaño da súa poboación igual ou superior ao 20% nos últimos 5 anos.
 - Razas con redución da área de ocupación e maior fragmentación na súa distribución xeográfica nos últimos 5 anos.
- ✓ Criterios aplicables para a conservación de recursos xenéticos en agricultura:
 - Promover ou apoiar en mantemento "on farm" de variedades tradicionais. Entenderase por variedades autóctonas de valor agronómico aquelas en as que se realizaron ensaios agronómicos, aquelas utilizadas comercialmente, aínda sen

ensaios agronómicos ou aquelas de as que haxa un número de individuos ou unha superficie ocupada *ex situ* e/ou un número de bancos de xenes *in situ*. Medición de erosión xenética a través de Indicadores Fidedignos de Erosión Xenética.

- Indicadores fidedignos de erosión xenética: Dispoñibilidade de xermoplasma, evolución estatística do cultivo, valor comercial do xermoplasma local.
- Relación de centros institucionais con melloradores ou grupos de mellora (DO e IGP).
- Marcadores fenotípicos e morfolóxicos desenvolvidos polas institucións.

1.1.7 A canto ascende esta axuda?

A intensidade da axuda será do 100% dos gastos subvencionables naquelas actuacións executadas pola Administración Autonómica e os seus entes instrumentais. A intensidade da axuda tamén será do 100% cando o beneficiario sexa unha entidade con personalidade xurídica, agrupación ou organización de produtores que teñan entre os seus obxectivos e ámbitos de actuación a preservación dos recursos gandeiros. Para o resto de beneficiarios a intensidade da axuda será do 80% dos gastos subvencionables.

1.1.8 Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada por dous organismos:

- ✓ A Subdirección Xeral de Gandaría da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural
- ✓ A Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural

1.1.9 Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do fondo Feader, e introduce disposicións transitorias



- ✓ Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos e os regulamentos técnicos de control e certificación e regulamentos de control e produción das devanditas variedades de conservación
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 149/2011, do 7 de xullo, polo que se establece o Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia, regúlase o recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia que cren ou xestionen libros xenealóxicos e apróbanse os programas para a súa conservación, mellora e fomento
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10 Documentos e enlaces relacionados

- ✓ Información do centro de recursos zootenéticos de Galicia (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/es/areas/ganaderia/centro_de_recursos_zooteneticos
- ✓ Información sobre Condicionalidade (Fondo Galego de Garantía Agraria)
http://fogga.xunta.gal/es/politica_agraria_comun/pac_2015_2020
- ✓ Nota Técnica Nº 03 - Pago para prácticas beneficiosas para o clima e medio ambiente (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/agricultura/temas/pac/ficha_3_170307_tcm30-379801.pdf
- ✓ Nota Técnica Nº 07 - Condicionalidade (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/agricultura/temas/pac/ficha_7_170307_tcm30-379805.pdf
- ✓ Decálogos da condicionalidade (Fondo Español de Garantía Agraria)
http://www.fega.es/PwfGcp/es/accesos_directos/condicionalidad/Los_decalogos_de_la_condicionalidad.jsp
- ✓ Documentos xerais de cumprimento da condicionalidade (Fondo Español de Garantía Agraria)
http://www.fega.es/PwfGcp/es/accesos_directos/condicionalidad/Documentos_generales_para_el_cumplimiento_y_control_de_la_condicionalidad.jsp





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.9.3.4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020



Xacobeo 2021

PDR 2014_2020 DE GALICIA
PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

